

Resolución do 20 de maio de 2010 da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se aproba a resolución provisional do concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde convocado por Resolución do 21 de xaneiro de 2010.

De conformidade co previsto na base 7.2 da Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG nº 27, do 10 de febreiro) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, rematada pola Comisión de Baremación a tarefa de baremación dos méritos alegados e acreditados polos concursantes, procede aprobar a resolución provisional do concurso de traslados.

En consecuencia, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.- Declarar resolto provisionalmente o concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes ás categorías e especialidades de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde convocado por Resolución do 21 de xaneiro de 2010 (DOG nº 27, do 10 de febreiro), adxudicando a puntuación provisional acadada e, se é o caso, o destino tamén dun xeito provisional, sen que este supoña ningún dereito ou expectativa até que sexa publicada posteriormente a resolución definitiva.

As correspondentes listaxes de adxudicación atópanse expostas nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como nos diferentes centros de xestión de atención primaria e especializada do mesmo e na páxina web www.sergas.es

Nestas listaxes indícase a totalidade da puntuación do apartado de formación para aqueles concursantes que acadaran a máxima, no seu caso, con independencia dos distintos epígrafes que compoñen ese apartado de formación.

Segundo.- Declarar excluídos provisionalmente do concurso de traslados aos concursantes que, en cada categoría ou especialidade, aparecen reflectidos como tales polas causas que se especifican nas listaxes provisionais de admitidos e excluídos.

Terceiro.- De conformidade co establecido na base 7.3 da citada resolución, os interesados disporán dun prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da presente resolución provisional, para formular reclamacións contra ela ou, no seu caso, para emendar aquelas causas de exclusión das listaxes provisionais de admitidos e excluídos que sexan susceptibles de emenda.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010.

A DIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

Esperanza Fernández Lago.